

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Ricardo Carballo Calero con Otero Pedrayo

Ficha documental da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Ramón Otero Pedrayo do 14/07/1952

Colección:

Data: 14/07/1952

De:

Ricardo Carballo Calero;

Para:

Ramón Otero Pedrayo;

Orixe:

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Mención:

Pontevedra (municipal), Pontevedra (comarcal), Pontevedra (provincial)

Mención:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[carta mecanografada en folla do Colexio Fingoi]

Localización física:Fundación Penzol

Temáticas:

Asuntos particulares; Literatura;

COLEGIO FINGOY

LUGO

DIRECCIÓN

14, Santiago, 1952

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo
Santiago de Compostela

Meu querido amigo e mestre: Fai tempo que uns mozos de Ferrol, que queren editar unha revista literaria, insisten perto de min pra que outeña de vostede un orixinal con destino ao primeiro número da mesma. Prégolle afincadamente que teña a bondade de mo enviar con toda a rapidez posible.

Outras xentes de Lugo, que editan uns cadernos de poesía, quixeran - a verdade é que son eu mesmo o pai da idea - reunir n-un de ises cadernos - vinte ou trinta páxinas - algúns dos seus admirables e pouco coñecidos versos. Eu poseo algúns dos publicados; outros non os teño. Se vostede quixera autorizarme pra reunilos e ordealos, e me dera un tiduo pra iles, e se non lle molesta demasiado remitirme os que teña a man, publicados ou inéditos, eu ficaría moi satisfeito; e poderíamos seleccioar un feixe de poemas que a lírica galega está pedindo a berros ver reunidos. A ver se, por amizade a min, fai algo de isto.

Escribame ao endrezo do membrete. Respeito ao indicado no primeiro párrafo, quixera que pronto.

Estiven unhas horas en Santiago fai días. Me non foi posible velo, inda que ben o houbera querido facer. Vostede estaba en Fonseca exercendo funcións xudiciais, e inda que eu estiven no P. Sarmiento, ía á cabeza de un grupo de nenos aos que tiña que encamiñar a Pontevedra, e non puider dispor dos minutos precisos pra saudalo.

Paroo agora co cariño de sempre

[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Epistolario editado por:



Colaboran:



Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.